

POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DE CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

CANLE DE CUMPRIMENTO



**CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**

INDICE

- I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**
- II. RESPONSABLE DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN: ÓRGANO DE SUPERVISIÓN**
- III. VÍAS PARA COMUNICAR INFRACCIÓNIS NORMATIVAS: CANLE DE CUMPRIMENTO**
- IV. PRINCIPIOS XERAIS DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN**
- V. APROBACIÓN, ENTRADA EN VIGOR E DIFUSIÓN**

VERSIÓN	DATA	DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN	APROBACIÓN
1	Nov. 2023	Aprobación Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativa e de loita contra a corrupción.	Director xeral

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A CORPORACIÓN RTVG implantou un Sistema Interno de Información para que, a través da Canle de Cumprimento, que teñen á súa disposición na páxina web e na intranet corporativa, poidan informar de infraccións do Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves.

O obxecto da presente Política é establecer os principios xerais do Sistema Interno de Información implantado pola Corporación, de conformidade co establecido na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

II. RESPONSABLE DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN: ÓRGANO DE SUPERVISIÓN

As comunicacións que se efectúen a través da canle interna de información serán recibidas polo **Órgano de Supervisión**, como Responsable do Sistema Interno, na persoa física designada para realizar dita función, que será a súa Presidenta.

III. VÍAS PARA COMUNICAR AS INFRACCIÓNS NORMATIVAS: CANLE DE CUMPRIMENTO

A Corporación RTVG pon a disposición de todos os seus integrantes e terceiros unha canle específica de denuncias na **páxina web da Xunta de Galicia**. Nela poderanse efectuar por escrito, de forma anónima ou confidencial, comunicacións de posibles infraccións do Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. **A través da páxina web da Corporación RTVG e da intranet corporativa poderase acceder a esta canle.**

Tamén se poderán realizar por correo postal á seguinte **dirección postal**: Órgano de Supervisión Bando-San Marcos, s/n. 15820. Santiago de Compostela.

Ofrécese tamén a posibilidade de informar sobre infraccións normativas, a pedimento do informante, mediante unha **reunión presencial** co Responsable do Sistema Interno de Información ou coa persoa designada para a xestión do indicado Sistema.

IV. PRINCIPIOS XERAIS DO SISTEMA

Os principios básicos de actuación sobre os que se fundamenta a presente Política son os seguintes:

- **Legalidade:** as comunicacións remitidas a través da Canle serán tramitadas conforme ao disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, así como coa restante lexislación vixente que puidese ser aplicable.
- **Protección do informante:** réxime específico de protección fronte ás posibles represalias que puidese sufrir o informante, de acordo co disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

- **Protección das persoas afectadas** pola comunicación: mesma protección que para a persoa informante.
- **Respecto dos dereitos fundamentais:** o procedemento de xestión das comunicacións velará por todos os dereitos fundamentais das persoas que se vexan involucradas, especialmente, o dereito á presunción de inocencia, dereito á honra e dereito de defensa, nos termos regulados na Lei 2/2023, do 20 de febreiro.
- **Confidencialidade:** o Sistema está deseñado, establecido e xestionado de forma segura, garantíndose a confidencialidade da identidade do informante e de calquera terceiro mencionado na comunicación, así como das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación da mesma.
- **Anonimato:** o sistema permite as denuncias anónimas, adoptándose todas as medidas para a protección para garantir o anonimato.
- **Protección de datos persoais:** garántese a protección de datos persoais, impedindo o acceso ao persoal non autorizado.
- **Autonomía e independencia:** o Responsable do Sistema Interno de Información da Corporación goza de autonomía e independencia na xestión do mesmo, non podendo ser controlado nin recibir instrucións de ningunha persoa nin órgano da entidade.
- **Dilixencia:** o Responsable do Sistema garantirá a tramitación dilixente das comunicacións.
- **Transparencia:** A información sobre o Sistema Interno de Información estará accesible na páxina web e transmitirase de forma clara e comprensible.
- **Boa fe:** exclúense da protección as informacións falsas ou terxiversadas, así como aquelas que se obtiveron de maneira ilícita.

V. APROBACIÓN, ENTRADA EN VIGOR E DIFUSIÓN

O Director Xeral é o órgano competente para a aprobación desta Política. A presente Política será efectiva desde o momento da súa aprobación, procedendo á súa publicación na páxina web corporativa da Corporación, así como na intranet corporativa á que ten acceso todo o persoal.

Por parte da Dirección Xeral e do Órgano de Supervisión promoveranse as accións formativas necesarias para a adecuada difusión desta Política e da cultura de cumprimento e os fins da Lei 2/2023.

A presente Política será revisada e actualizada sempre que resulte necesario practicar calquera modificación.

